


30 de Xaneiro Día da PAZ



30 DE XANEIRO DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ

Lectura de manifesto e un conto de non violencia no cole e na Ferrería “¿Cómo puede curarse un ala rota?”





Cando no colexio da Xunqueira 2 inaugurouse a nova biblioteca logo dun ano de reformas, houbo unha gran alegría. Por fin os nenos e nenas poderían ir ler e a investigar, e o que é máis importante poderían levar a casa libros en préstamo e compartir cos seus compañeiros e compañeiras lecturas, vivencias e soños.

Ese día foi especial regresou connosco a nosa mascota, Fervelliño!, o peixe máis sabio e viaxeiro nunca antes coñecido. Mentres a biblioteca estaba en reformas percorreu todo o mundo en busca de aventuras.

A nosa mascota leva un tempo un pouco triste. Durante a súa longa viaxe levaba unha pequena maleta con libros que intercambiaba con outros peixes, un pequeno neceser co cepillo de dentes, unha lanterna e un obxecto moi valioso que perdeu e non lembra onde.

Todos os nenos e nenas profesores e profesoras do cole decidimos axudarlle. Fixémonos exploradores en busca do obxecto perdido para velo de novo feliz.


Xa verás como o atopamos!, dixeron unhas nenas de tres anos Nós axudarémusche!, exclamaron uns nenos que lían o conto do “peixe arco iris” na biblioteca.

Todos organizáronse para saír en busca do obxecto perdido. Os primeiros en partir foron os nenos e nenas de tres anos coa profe Lupe ao fronte. Decidiron ir a China, non sei porque estraña razón alguén lles dixo que alí había unha pista.

Fervelliño e todos os demais estabamos desexando ter noticias.

Mira Fervelliño!, dixo o secretario, chegou unha carta para ti desde CHINA





Visita ao Sal3n do libro, Teatro e talleres



